

A TÚA IMPLICACIÓN É
FUNDAMENTAL
NA
ADOPCIÓN

de animais maltratados, favorece a súa recuperación e
DEVÓLVELLES A CONFIANZA
nas persoas



Ten en conta que a adopción dun animal maltratado é unha situación complexa que supón **moito tempo e dedicación**

AXUDA OS ANIMAIS MALTRATADOS
ADOPTA



**CENTRO DE ACOLLIDA E PROTECCIÓN ANIMAL
(CAAN)**

Lugar do Busto
A Armenteira, 36637 Meis
Teléfono: 986 140 360
www.caan.depo.es



DEVÓLVELLE A CONFIANZA

CAMPAÑA DE REHABILITACIÓN DE ANIMAIS MALTRATADOS



QUE SE PODE CONSIDERAR **MALTRATO** ?

O maltrato inclúe todas aquelas accións nas que se provoca **dano ou sufrimento**, tanto físico coma psíquico

Os casos máis graves de maltrato aos animais están asociados a **lesións** físicas, mais é erróneo interpretar que o maltrato inclúe só estas situacións. É preciso tamén ter en conta factores coma o estado de saúde ou as emocións e **sentimentos** dos animais



Tanto os danos físicos coma os emocionais precisan de **tratamento veterinario**, pero tamén de moita **implicación** por parte das persoas coidadoras e futuras propietarias, xa que a total rehabilitación dos animais depende delas en gran medida

A atención, coidado e custodia dos animais maltratados que son retirados ou incautados polas autoridades son algunhas das funcións máis **comple-xas e importantes** que teñen que asumir os refuxios e centros de recollida, xa que o seu labor é fundamental na recuperación e reinserción



O CENTRO DE ACOLLIDA E
PROTECCIÓN ANIMAL (CAAN) DA
DEPUTACIÓN ATENDE UNHA MEDIA
ANUAL DE 50 ANIMAIS PROCEDENTES
DE SITUACIÓNS DE MALTRATO



O CAAN tamén desenvolve un papel fundamental na elaboración de **informes periciais** que advirten sobre o estado dos animais, os danos producidos e as súas consecuencias, e colabora coas autoridades administrativas e xudiciais na **persecución do delito**

En moitas ocasións a estancia dos animais maltratados nos centros de acollida prolóngase por **restricións temporais** para a acollida e cesión, a causa de actuacións administrativas e xudiciais contra as persoas causantes do maltrato



Unha vez que sexa permitida polas autoridades xudiciais, a **adopción** dos animais maltratados é **prioritaria**, xa que aqueles que presentan alteracións emocionais precisan dun **ambiente estable e tranquilo** que lles proporcione seguridade